

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 31/08/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE
ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
Lista de asistentes
CARLOS COIRA LOJO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
PAOLA MARIA MOCHALES
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIO ACCIDENTAL
MANUEL FRANCO LEIS

INTERVENTORA ACCIDENTAL
MARIA BERMUDEZ OUTÓN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 31/08/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24 de agosto de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/3133

Dáse conta de informe da Policía Local, en relación con inspección realizada na Rúa San Andrés Nº 9 por vehículos que obstaculizan a entrada a un garaxe con VAO, sendo denunciados dous vehículos.

A Rúa San Andrés consta dunha calzada dun único carril de sentido único na que á súa marxe esquerda atópanse varios garaxes con VAO desde o número 11 ao 9, debidamente sinalizados.

Na marxe dereita hai dous sinais verticais R-308 que impiden o estacionamento, carecendo dunha liña lonxitudinal amarela que reforce as mesmas.

Varios veciños da zona manifestan que a calzada foi asfaltada recentemente e que, anteriormente, estaba pintada unha liña lonxitudinal amarela, polo que non existía este problema. Debido a que a problemática é habitual solicítase o pintado da mesma na marxe dereita, xa que a sinalización vertical atópase situada a distancia da zona na que se orixina o conflito e pode causar confusión.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización de liña lonxitudinal amarela, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2026/3162

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de Alcohólicos Rehabilitados Arousa, solicitando autorización para colocación dunha mesa informativa no cruce da Rúa Xeneral Pardiñas con Rúa Castelao, o día 5 de setembro de 2026, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando

as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/3163

Dáse conta do escrito presentado por Dona Isabel Fernández Moreira, en representación de Os Ingleses Rugby Club, solicitando autorización para a ocupación de vía pública na Praza de Galicia, o día 29 de agosto de 2026, en horario de 10:00 a 14:00 horas, para a realización dunha campaña de captación de socios/as e xogadores/as..

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/3144

Dáse conta de informe técnico do Departamento de Electricidade, polos danos graves e risco actual, sobre o Bombeo d Praza Dous e sobre seguridade viaria en O Piñeiriño, derivados de obras realizadas por terceiros, no que se indica:

1. OBXECTO DO INFORME

O presente informe ten por obxecto poñer en coñecemento da Xunta de Goberno Local, con carácter urgente, dúas situacións de grave risco para a poboación e para o medio ambiente causadas por obras executadas por terceiros nas infraestruturas municipais: por unha banda, os danos irreparables ocasionados na estación de bombeo de Praza Dous, que teñen como consecuencia vertidos reiterados de augas ao Río do Con, incluída a entrada de auga do mar en episodios de marea viva; e, por outra banda, a destrución dos cables de alimentación do semáforo de O Piñeiriño, que deixa este cruzamento sen a súa sinalización luminosa plena e en grave risco de accidente.

Ambas as dúas situacións teñen en común a mesma orixe: obras de execución allea á responsabilidade municipal directa que danaron gravemente infraestruturas públicas, sen que ata a data as empresas responsables procedesen á súa reparación efectiva, quedando o Concello na obriga de asumir un risco que non lle é imputable.

2. ANTECEDENTES

2.1. Bombeo de Praza Dous

Hai aproximadamente un ano, a empresa Petrolán, con motivo da execución das obras do tanque antitormentas na zona do mercado, seccionou e perforou con ferralla e formigón a rede de impulsión do bombeo de Praza Dous. Como consecuencia directa desta actuación, unha das bombas resultou avariada e unha das liñas de impulsión do bombeo quedou completamente inutilizada.

O bombeo de Praza Dous conta con tres bombas para a súa capacidade de deseño. Dende o momento do sinistro e ata hoxe, esta estación só pode operar con dúas das tres bombas, xa que a terceira e a súa impulsión quedaron danadas sen ningunha solución de recuperación por parte da empresa responsable, que ata a data non asumiu a reparación integral do dano causado. 2.2.

Conexión do aliviadeiro do tanque de tormentas.

Hai aproximadamente un mes executouse un novo tubo de alivio do tanque de tormentas, ao cal foi conectado directamente o aliviadeiro do bombeo de Praza Dous. Esta conexión, executada sen as garantías técnicas necesarias, provocou que, en episodios de marea alta (pleamar), a auga do mar entre directamente no bombeo municipal a través desta canalización.

Esta circunstancia está confirmada pola propia telexestión do sistema, que rexistra e notifica, en cada pleamar, que o bombeo se atopa en situación de vertido ao Río do Con. Adicionalmente, dispóñense de fotografías que acreditan a presenza de algas mariñas no interior das instalacións do bombeo, proba inequívoca da entrada reiterada de auga do mar.

2.3. Semáforo de O Piñeiriño

Con ocasión das obras que se están a executar en O Piñeiriño, o Departamento de Electricidade municipal indicou expresamente ao persoal da obra o trazado exacto por onde discurrían os cables de alimentación do semáforo. Malia esta advertencia previa e documentada, a maquinaria da obra (pala mecánica) rompeu a totalidade dos cables do semáforo.

Dende este servizo facilitouse á empresa executora da obra os datos de contacto da empresa encargada do mantemento dos semáforos, co obxecto de restablecer canto antes o funcionamento normal do cruzamento. A citada empresa de mantemento xa dispón do orzamento correspondente para a reparación, orzamento que, ata a data, non foi aceptado nin tramitado pola empresa responsable do dano, que parece actuar baixo a suposición inxustificada de que a avaría se vai resolver por si soa.

3. ESTADO ACTUAL DAS INSTALACIÓNS

3.1. Bombeo de Praza Dous

Na actualidade, o bombeo de Praza Dous funciona de forma permanente cunha capacidade reducida a dúas das tres bombas instaladas, sen que exista previsión nin compromiso de reparación por parte da empresa Petrolán. A infraestrutura atópase, polo tanto, nun estado de dano estrutural non resolto, operando por baixo da súa capacidade de deseño dende hai un ano. A isto hai que engadir a conexión irregular do aliviadeiro do tanque antitormentas, que fai que, en cada marea viva, o bombeo reciba auga do mar de forma directa e incontrolada. Trátase dunha situación que non ten solución técnica posible dende a propia estación de bombeo: non se pode achicar o mar. O bombeo entra en vertido cada vez que hai pleamar, feito confirmado de forma sistemática pola telexestión municipal.

3.2. Semáforo de O Piñeiriño

O semáforo de O Piñeiriño permanece, na actualidade, parcialmente apagado nun dos seus ramais e en modo de precaución (intermitente) no outro, sen que exista sinalización luminosa completa e normalizada no cruzamento. Non se aprecian, a día de hoxe, trazas de reparación efectiva por parte da empresa responsable, que continúa executando traballos de formigonado na zona sen ter resolto previamente a avaría por ela mesma ocasionada.

4. CONSECUENCIAS DA SITUACIÓN ACTUAL

4.1. Impacto ambiental e sanitario derivado do bombeo de Praza Dous

A redución permanente da capacidade de bombeo a dúas das tres bombas orixinais implica que, en episodios de choiva intensa, a estación non é capaz de impulsar a totalidade do caudal que entra no sistema. Como consecuencia directa, o bombeo alivia de forma incontrolada ao Río do Con, producíndose vertidos de augas residuais e pluviais mesturadas a un curso fluvial que desauga, finalmente, no litoral.

A esta situación xa de por si grave, engádese a entrada regular de auga do mar en cada marea viva, o que confirma que o sistema está a funcionar de forma continuada fóra dos parámetros de deseño e de seguridade sanitaria. O resultado é un vertido recorrente e previsible, non puntual nin excepcional, senón ligado ao propio ciclo das mareas.

Debe advertirse, con toda a gravidade que require, que se se produce un episodio de choiva intensa coincidindo con mareas vivas, é altamente probable que se levanten a práctica totalidade das tapas de rexistro do sistema de saneamento, dende a zona da Xunqueira ata o lugar onde hoxe se atopa o tanque de tormentas. Esta situación suporía un vertido masivo e incontrolado de augas fecais e pluviais na vía pública e no medio, cun impacto ambiental de primeira magnitude.

Cada episodio de marea viva co bombeo en vertido supón, en consecuencia, un grave impacto ambiental sobre o litoral e o Río do Con, cunha afección sanitaria directa e documentada sobre as praias do termo municipal, nas que se ten constatado a presenza de estreptococos como

consecuencia destes vertidos. Esta é unha situación de risco para a saúde pública que non pode ser demorada nin minimizada.

4.2. Risco viario derivado do semáforo de O Piñeiriño

A ausencia dunha sinalización luminosa completa e correctamente operativa nun cruzamento tan transitado como O Piñeiriño, nun contexto no que ademais se están a executar obras na contorna, constitúe un factor de risco directo e inmediato para a seguridade viaria. Un semáforo apagado nun ramal e en intermitente no outro pode inducir a confusión nos condutores e nos peóns, incrementando de forma significativa a probabilidade de sinistros de tráfico.

O feito de que a empresa responsable do dano continúe executando traballos de formigonado na zona sen ter procedido á reparación da sinalización semafórica agrava aínda máis o risco, ao concorrer simultaneamente obra activa e deficiencia de sinalización.

5. NECESIDADE E URXENCIA DA ACTUACIÓN

Á vista do exposto, resulta imprescindible que a Xunta de Goberno Local adopte, con carácter de urxencia, as medidas necesarias para:

1. Requerir formalmente á empresa Petrolán a reparación integral e inmediata do bombeo de Praza Dous, incluíndo a posta en funcionamento das tres bombas e a corrección definitiva da conexión do aliviadeiro do tanque antitormentas co aliviadeiro municipal, de xeito que se elimine de forma efectiva a entrada de auga do mar nas instalacións.
2. Adquirir formalmente á empresa responsable das obras de O Piñeiriño a aceptación inmediata do orzamento xa presentado pola empresa de mantemento de semáforos e a execución sen máis demora da reparación completa da sinalización semafórica danada.
3. Adoptar, mentres non se resolvan ambas as dúas situacións, as medidas cautelares e de seguimento que se consideren oportunas, incluíndo o control e rexistro sistemático dos episodios de vertido e a valoración da esixencia de responsabilidades ás empresas causantes dos danos.

Non se pode agardar a que se materialicen os riscos aquí descritos —vertido masivo por levantamento de tapas ou un accidente de tráfico en O Piñeiriño— para actuar. Ambas as situacións son plenamente coñecidas, están documentadas e teñen unha orixe claramente identificada nas empresas executoras das obras.

6. CONCLUSIÓN

Á vista do anteriormente exposto, considérase que tanto o estado do bombeo de Praza Dous como a situación do semáforo de O Piñeiriño constitúen situacións de grave risco, ambiental e sanitario nun caso, e de seguridade viaria no outro, cuxa orixe está plenamente identificada en danos causados por empresas executoras de obras que, ata a data, non repararon de forma efectiva as infraestruturas danadas.

Por todo o exposto, sométese o presente informe á Xunta de Goberno Local, solicitando a adopción urxente das medidas necesarias para esixir á empresa Petrolán a reparación integral e inmediata dos danos causados, evitando así que se materialicen os graves riscos ambientais, sanitarios e de seguridade viaria descritos neste informe.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda requirir á Empresa Petrolán Infraestructuras SL para que proceda á inmediata reparación integral dos danos causados.

PRP2026/3165

Vista a Proposta da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación a favor de Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, polo importe de 100.000,00 €, correspondente á aportación do Concello para o sostemento dos gastos da Fundación do ano 2026 (2ª achega), con cargo á partida 342.410.

PRP2026/3201

Dáse conta do escrito presentado polo Club Xadrez Fontecarmoa, solicitando autorización a celebración dunha actividade de xadrez na rúa, os días 4, 11, 18 e 25 de setembro de 2026, na Rúa Castela, así como a cesión de 6 mesas e 30 cadeiras.

Visto o informe do Director Deportivo da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a actividade e a cesión do material solicitado.

O Clube Xadrez Fontecarmoa deberá presentar os seguros de Responsabilidade Civil e de accidentes para todos os participantes de dita actividade.

RECURSOS HUMANOS

PRP2026/3147

Dáse conta de Resolución da Alcaldía, do 25 de agosto de 2026, pola que se aproba a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2026, que inclúe as prazas de persoal funcionario de carreira de novo ingreso, seguinte:

Grupo / Subgrupo	Praza	Nº	Escala	Subesc/Clase/Categoría
C/C1	Xestor Administrativo	1	Administración Especial	Técnica/auxiliar
C/ C2	Auxiliar Administrativo	2	Administración Xeral	Auxiliar
AP	Operario de servizos	1	Administración Especial	Servizos Especiais/Persoal de Oficios/ Operario
AP	Operario de servizos elctricista	1	Administración Especial	Servizos Especiais/Persoal de Oficios/ Operario
AP	Operario de emerxencias	3	Administración Especial	Servizos Especiais/Persoal de Oficios/ Operario

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2026/3142

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2026, presentada por HOTEL PLAYA DE COMPOSTELA SL CIF: B36399632 con domicilio en la AV ROSALIA DE CASTRO NUM 138 Planta B 36610 VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA), infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

CRITERIO	PUNTOS
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa menos de 3 anos de antigüidade	2
T O T A L PUNTOS	3
SUBVENCIÓN ACADADA	2.500,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a subvención solicitada por HOTEL PLAYA DE COMPOSTELA SL CIF: B36399632, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2026/3121

Polo Servizo de Normalización Lingüística, dáse conta á Xunta de Goberno Local de acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, de 24 de xullo de 2026, na que se aprobou, entre outros asuntos, a concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026, correspondéndolle a este concello a cantidade de 6.105,00 euros para o programa «Argonautas literarios 2026», correspondéndose co 75% do

custo da actividade presentada (8.140,00 euros).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/3128

Polo Servizo de Normalización Lingüística, dáse conta á Xunta de Goberno Local, da chegada a este Concello da resolución da concesión da subvención da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia para a promoción do uso da lingua galega para o ano 2026, PL400A-2026-00000053-00, DOG 136 do 22/07/2026), na modalidade de «Mantemento dun servizo lingüístico», por importe de sete mil novecentos oitenta e oito con corenta (7.988,40) euros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2026/3137

O día 10 de xullo de 2026 a Comunidade montes vecinales mano común de Cea Vilagarcía presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2026.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade montes vecinales mano común de Cea Vilagarcía entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obriga coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa. As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa rexenerada de piñeiro do país), levarase a cabo unha roza manual da vexetación arbustiva presente, principalmente xestas de gran desenvolvemento, rareo da masa de piñeiro, amoreado de restos e posterior trituración, nunha superficie de 2,36 ha.
- Na mouteira 2 (0.83 ha ocupadas por unha masa de piñeiro adulto), levarase a cabo unha roza manual da totalidade da superficie, realización a roza mecanizada nas rúas e manual na liña de planta, posterior poda da masa, amoreado de restos e posterior trituración para a súa eliminación.
- Na mouteira 3 (mouteira de 0.11 ha situada na marxe dunhas pistas con abundante matogueira), levarase a cabo unha roza mecanizada sobre a totalidade da superficie, para a creación de discontinuidades e eliminación de especies pirófitas.
- Na mouteira 4 (formada por pistas pechadas de maleza), levarase a cabo unha roza das marxes con 1,48 km de limpeza de pista en ambos laterais e 0,24 ha da superficie da plataforma das pistas.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 10.181,40 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abranguidas na base 1.4 e estimando que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 10.181,40 € de acordo coa táboa que se achega á Comunidade montes vecinales mano común de Cea Vilagarcía con CIF V 36156214 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas con cargo á partida orzamentaria 1720-489.

Mouteira	Tipo actuación	unidade	prezo	importe
01	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	2,36	1000	2360
	Rareo manual en rexenerado de arboreda	2,36	1000	2360
	Trituración de restos	2,36	800	1888
02	Roza de penetración	0,83	450	373,5
	Roza manual selectiva baixo arboreda	0,83	700	581
	Poda alta en masa de coníferas	0,83	700	581
	Trituración de restos	0,83	800	664
03	Roza de penetración	0,11	450	49,5
04	Roza mecanizada con rozadoira de cadeas	0,24	400	96
	Roza mecanizada en marxe de camiños	1,48	830	1228,40
		TOTAL		10181,40

PRP2026/3138

O día 10 de xullo do 2026 a C.M.V.M.C. de Trabanca Sardiñeira presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2026.

Despois de revisar a documentación compróbase que a C.M.V.M.C. de Trabanca Sardiñeira entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha área ocupada por matogueira de grandes dimensións), levarase a cabo unha roza manual selectiva baixo arboreda nunha superficie de 0,08 ha. coa retirada e trituración de restos.
- Na mouteira 2 (formada por unha área ocupada por matogueira baixo unha masa de piñeiro de grandes dimensións), levarase a cabo unha roza manual selectiva baixo arboreda, coa retirada de restos para a súa eliminación e a súa trituración, nunha superficie de 0,27 ha.

- Na mouteira 3 (formada por unha superficie que se sitúa na marxe dereita a pista de subida a Xiabre), realizarase unha roza mecanizada da totalidade da superficie de 0,31 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 909,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abranguidas na base 1.4 e estimando que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 909,00 € de acordo coa táboa que se achega á C.M.V.M.C. de Trabanca Sardiñeira con CIF V 36103125 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas con cargo á partida orzamentaria 1720-489.

Mouteira	Tipo actuación	unidade	prezo	importe
01	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,08	1000	80
	Trituración de restos	0,08	800	64
02	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,27	1000	270
	Trituración de restos	0,27	800	216
03	Roza mecanizada co rozadoira de martelos	0,31	900	279
		TOTAL		909

PRP2026/3139

O día 10 de xullo de 2026 a Comunidade de montes Trabanca Badiña presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2026.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes Trabanca Badiña presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa de piñeiro procedente de plantación con abundante matogueira) realizarase a roza manual da totalidade da superficie e corta da acacia brotada; a continuación executarase a poda dos pés de piñeiro e posterior trituración dos restos. Os traballos realizaranse de xeito manual, con rozadoira e motoserra. Os restos serán extraídos a zonas onde poidan ser triturados, para realizar a trituración mecanizada con tractor e rozadoira de cadeas, nunha superficie de actuación de 0,28 ha.
- Na mouteira 2 (formada por unha masa de piñeiro procedente de plantación) realizarase a roza manual na liña de planta e mecanizada nas rúas entre liñas de plantación, posteriormente procederase a poda da masa, para amorear os restos nas rúas e executar a trituración. A superficie de actuación será de 0,34 ha.
- Na mouteira 3 (formada por unha masa de frondosas procedente de rexeneración natural) os traballos que se queren realizar consisten na roza manual da totalidade da superficie e

- corta dos brotes de acacia, posterior amoreado dos restos nas zonas onde traballe o tractor, para realizar a súa trituración, nunha superficie de 0,48 ha.
- Na mouteira 4 (formada por unha masa de frondosa procedente de rexeneración natural) os traballos que se queren realizar consisten na roza manual da totalidade da superficie e corta dos brotes de acacia, posterior amoreado dos restos nas zonas onde traballe o tractor, para realizar a súa trituración final, nunha superficie de 0,32 ha.
 - Na mouteira 5 (formada por unha superficie cunha área recreativa) os traballos que se pretenden realizar consisten na roza manual da totalidade da superficie e corta dos brotes de acacia, posterior amoreado dos restos nas zonas onde traballe o tractor, para realizar a súa trituración final. Estes traballos realizaranse de xeito manual con rozadoira de man e a posterior trituración de restos con tractor e rozadoira de cadeas, nunha superficie de 0,27 ha.
 - Na mouteira 6, os traballos que se queren realizar consisten na roza manual da totalidade da superficie e corta dos brotes de acacia e eucalipto, posterior amoreado dos restos nas zonas onde traballe o tractor, para realizar a súa trituración final. Estes traballos realizaranse de xeito manual con rozadoira de man, nunha superficie 0,49 ha.
 - Na mouteira 7, roza mecanizada nas rúas entre liñas de arborado e posterior roza manual das liñas de planta. Estes traballos realizaranse de manual nas liñas de planta, rozadoira de man e mecanizados nas rúas, entre liñas, con tractor e rozadoira de cadeas, nunha superficie 0,45 ha.
 - Na mouteira 8, realizarase a roza mecanizada na plataforma da pista, empregando tractor con rozadoira de cadeas, nunha superficie 0,04 ha.
 - Na mouteira 9, realizarase a roza mecanizada da totalidade da superficie, empregando tractor con rozadoira de cadeas, nunha superficie 0,15.
 - Na mouteira 10, execución da roza manual da totalidade da superficie, empregando rozadoira de man e retirada de restos para a súa posterior eliminación, nunha superficie 2,48 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 9.331,20 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidad de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidad de montes veciñais en man común de Vilagarcía con CIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abranguidas na base 1.4 e estimando que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 9.331,20 € de acordo coa táboa que se achega á Comunidade de montes Trabanca Badiña con NIF V 36301828 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas con cargo á partida orzamentaria 1720-489.

Mouteira	Tipo actuación	unidade	prezo	importe
01	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,28	1000	280
	Poda alta en masa de coníferas	0,28	700	196
	Trituración de restos	0,28	800	224
02	Roza de penetración	0,34	450	153
	Roza manual selectiva baixo arboreda	0,136	700	95,2
	Poda alta en masa de coníferas	0,34	700	238
	Trituración de restos	0,34	800	272
03	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de	0,48	1000	480

	restos			
	Trituración de restos	0,48	800	384
04	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,32	1000	320
	Trituración de restos	0,32	800	256
05	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,27	1000	270
	Trituración de restos	0,27	800	216
06	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,49	1000	490
	Trituración de restos	0,49	800	392
07	Roza de penetración	0,45	450	202,5
	Roza manual selectiva baixo arboreda	0,45	700	315
08	Roza mecanizada con rozadoia de cadeas en pista	0,04	400	16
09	Roza de penetración	0,15	450	67,5
10	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	2,48	1000	2480
	Trituración de restos	2,48	800	1984
		TOTAL		9331,2

PRP2026/3140

O día 11 de xullo de 2026 a Comunidade de montes CORNAZO E SOLOBEIRA presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2026.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes CORNAZO E SOLOBEIRA presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade Social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 levarase a cabo a roza manual da totalidade da superficie, empregando para iso moto rozadoiras manuais, nunha superficie de 0,16 ha.
- Na mouteira 02 levarase a cabo a roza mecanizada con tractor e rozadoira de cadeas, nas rúas entre liñas de plantación e a roza manual con rozadoira de man, nas propias rúas de plantación. Estes traballos van permitir defender a masa de frondosas dun posible lume e favorecer a súa implantación e mantemento, nunha superficie de 0,48 ha.
- Na mouteira 03 levarase a cabo a roza manual con rozadoira de man, retirando os restos e amoreándoos para a posterior trituración con tractor e rozadoira de cadeas. Estes traballos van favorecer a prevención de incendios no entorno de infraestruturas deportivas e áreas de espaxamento, nunha superficie de 0,17 ha.
- Na mouteira 4 levaranse a cabo traballos de roza manual da totalidade da superficie con rozadoira de man, rareo da masa empregando motoserres e trituración dos restos ou picado, segundo o permitan as características do terreo. Estes traballos buscan baixar as densidades e engadir valor a masa existente, permitindo mellorar a prevención de lumes e favorecer a súa extinción en caso de producirse, nunha superficie de 0,72 ha.
- Na mouteira 5, as actuacións a desenvolver consistirán en roza manual da totalidade da superficie con rozadoira de man, rareo manual para a diminución de densidades, empregando para iso motoserres e poda alta dos pés de piñeiro, para o que se utilizarán motoserres lixeiras e motopodadoras. Os restos serán picados ata reducilos a tamaños menores de 50cm. Estes traballos van permitir diminuír a carga vexetal para a prevención de lumes e favorecer a súa extinción en caso de producirse, así como incrementar os

rendementos das masas forestais, nunha superficie de 0,62 ha.

- Na mouteira 06 realizarase a roza nas marxes das pistas, realizando a roza en ambas marxes e abranguerán uns 2,5 metros, incluíndo beirarrúa, cuneta e noiros. Estes traballos realizaranse con tractor con rozadoira de brazo acoplado, nunha superficie de 0,64 km.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 5.735,20 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e estimando que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 5.735,20 € de acordo coa táboa que se achega á CMVMC CORNAZO E SOLOBEIRA con CIF V36103760 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas con cargo á partida orzamentaria 1720-489.

Mouteira	Tipo actuación	unidade	prezo	importe
01	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,16	1000	160
02	Roza de penetración	0,48	450	216
	Roza manual selectiva baixo arboreda	0,48	700	336
03	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,17	1000	170
	Trituración de restos	0,17	800	136
04	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,72	1000	720
	Rareo manual en rexenerado de arboreda sen aproveitamento comercial	0,72	1000	720
	Trituración de restos	0,72	800	576
05	Roza manual selectiva baixo arboreda e retirada de restos	0,62	1000	620
	Rareo manual en rexenerado de arboreda sen aproveitamento comercial	0,62	1000	620
	Poda alta en masa de coníferas	0,62	700	434
	Trituración de restos	0,62	800	496
06	Roza mecanizada en marxe de camiños	0,64	830	531,2
		TOTAL		5735,2

PRP2026/3141

O día 11 de xullo de 2026 a CMVMC GUILLAN presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2026.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMVMC GUILLAN presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade Social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de

Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1, levarase a cabo a roza manual da totalidade da superficie, o rareo da masa co fin de diminuír as densidades, favorecendo a presenza de frondosas e dando preferencia a eliminación de eucalipto e acacia, por último realizarase o amoreado de restos e a trituración posterior. Os traballos realizaranse con rozadoira e motoserras lixeiras, para a roza manual e a corta do arborado e o tractor con rozadoira arrastrada para a trituración dos restos, nunha superficie de 1,15 ha.
- Na mouteira 2, realizarase a roza da totalidade da superficie, de xeito manual nas liñas da planta con rozadoira manual e mecanizada nas rúas entre liñas de planta, con tractor e acople de rozadoira mecanizada, nunha superficie de 2,28 ha.
- Na mouteira 3, realizarase a roza manual da totalidade da superficie, selección de brotes das cepas de eucalipto, amoreado de restos e posterior trituración. Para a realización dos traballos empregarase rozadoira de man, para a realización da roza e motoserras lixeiras para a selección de restos. A trituración final realizarase con tractor con rozadoira, nunha superficie de 1,58 ha.
- Na mouteira 4, realizarase a roza da totalidade da superficie, empregando para iso rozadoiras manuais e picado de restos., nunha superficie de 0,08 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 10.144,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidad de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidad de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e estimando que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 10.144,00 € de acordo coa táboa que se achega á CMVMC GUILLAN con CIF V36436319 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas con cargo á partida orzamentaria 1720-489.

Mouteira	Tipo actuación	unidade	prezo	importe
	Repoboación forestal			
01	Ha. Roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación. Excepcionalmente recollida de restos en cordóns	1,15	1.000	1.150,00
	Ha. Rareo manual en rexenerado de arborado sen aprov. C omercial, soamente cando non proceda facelo mecanizado	1,15	1.000	1.150,00
	Ha. Trituración de restos	1,15	800	920,00
02	Ha. Roza mecanizada con tractor e rozadoira de cadeas entre calles de plantación ou rexeneración natural e repaso manual das calles deixando os restos triturados	2,28	1200	2.736,00
03	Ha. Roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación. Excepcionalmente recollida de restos en cordóns	1,58	1.000	1.580,00
	Ha. Selección de gromos de cepa de eucalipto e frondosas despois de lume.	1,58	800	1.264,00
	Ha. Trituración de restos	1,58	800	1.264,00
04	Ha. Roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación. Excepcionalmente recollida de restos en cordóns	0,08	1.000	80,00
		TOTAL		10.144,00

PRP2026/3146

O día 13 de xullo de 2026 a COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAL FONTECARMOA presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda

municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2026.

Despois de revisar a documentación compróbase que a COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAL FONTECARMOA presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade Social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1, como a masa de árbores alí existente se talou e se trituraron os restos, procedeuse a realizar traballos para a plantación, isto é:

- Marcación manual dos puntos a un marco de plantación de 7x7 e en liñas de máxima pendente.
- Executáronse os buracos de 60x60x60cm mediante unha escavadora con cazo de 50cm. Os buracos realizáronse onde se estableceran as marcas previas.
- Cada buraco realizase de xeito que o cazo levanta e solta a terra no mesmo sitio, repetindo a operación ata que teña as dimensións axeitadas, realizando unha preparación do solo puntual e sen inversión de horizontes e favorecendo a redución da escorrenta e aumentando a profundidade útil do solo, mellorando as posibilidades de enraizamento da árbore e reducindo a mortalidade da planta.
- Plantación manual da planta. Estes traballos realizáronse de xeito manual e coa axuda de ferramentas axeitadas para a plantación, extraendo pedras de gran tamaño, cepas, raíces do mato,....
- A planta foi introducida no oco de forma que quede recta e posteriormente pisase ó redor para evitar que queden bolsas de aire.
- Aplicación de abono, que mellorará a adaptación da planta e o arraigo inicial, favorecendo o crecemento. Foi empregado fertilizante CEE de aplicación localizada e liberación lenta, adaptado as características edafolóxicas da parcela de plantación.
- Colocación de protectores, para evitar os danos por fauna. Estes traballos realizáronse colocando tubos protectores de 50 cm en cada planta.
- A planta empregada foron 150 castiñeiros de froito. Planta de castiñeiro híbrido (*Castanea x hybrida*) resistente de máis de 0,5m enxertado coas variedades ventura, negral e xudía, sobre patrón híbrido e micorrizados con *Boletus edulis*.

- Na mouteira 2, os traballos de plantación realizáronse no mes de febreiro, polo que actualmente presentan vexetación de competencia, o que fai necesario realizar a roza de mantemento sobre a superficie de plantación, principalmente ao pé da planta

As mouteiras 01 e 02 están formadas pola mesma superficie de 0,92ha

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 5.994,01 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidad de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidad de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e estimando que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 5.994,01 € de acordo coa táboa que se achega á COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAL FONTECARMOA con CIF V36187409 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas con cargo á partida orzamentaria 1720-489.

Mouteira	Tipo actuación	unidade	prezo	importe
	Repoboación forestal			
01	Ud. Marcaxe de buracos, aburatado e portes de maquinaria	1	684,45	684,45
	Ud. Subministración de planta de castiñeiro inxertada sobre patrón híbrido e micorrizada.	150	23,90	3.585,00
	Ud. Plantación de planta de castiñeiro	150	3,10	465,00
	Ud. Fertilización (inclúe fertilizante e man de obra)	1	293,06	293,06
	Ud. Protector de planta, incluso colocado	150	2,15	322,50
02	Ha. Roza manual selectiva baixo arborado	0,92	700	644,00
		TOTAL		5.994,01

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.